

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 14 DE MARZO DE 2008.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E VINTE MINUTOS** do día **CATORCE DE MARZO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D<sup>a</sup> OFELIA REY RECIMIL**, os concelleiros **D<sup>a</sup> MARÍA DOLORES GARCÍA TROITIÑO** e **D<sup>o</sup> JAVIER CUIÑA MACEIRA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- ACTAS ANTERIORES.-**

**2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**3º.- CONTRATACIÓN.-**

**4º.- SUBVENCIONS.-**

**5º.- URBANISMO.-**

**6º.- SERVIZOS SOCIAIS.-**

**7º.- INTERVENCIÓN.-**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

**1º.- ACTAS ANTERIORES.-**

Non hai asuntos que tratar.

**2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**2.1.-** Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 1181, de data 07 de marzo de 2008, en relación a solicitude efectuada por este Concello sobre se é preceptiva a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre o proxecto de “Obradoiro de Emprego Ponte da Pedra I”, comunicando que non é preceptiva a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre estas obras.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.2.-** Escrito de Dº Ramón Cuiña Costoyas, Rexistro de Entrada nº 1316, de data 14 de marzo de 2008, en relación a acta-denuncia/inspección nº 2008-101219-00000003, por abandono do vehículo marca Volkswagen, modelo Polo 1.0, matrícula PO-0958-W no lugar de Quintela, parroquia de Manduas (Silleda), comunicando que o mencionado vehículo xa foi retirado.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito, e remitir o mesmo a Patrulla so Seprona de Lalín.

**2.3.-** Escrito de Espina & Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 1311, de data 13 de marzo de 2008, remitindo relación de notificacións de corte de suministro, enviadas por correo certificado ós deudores dos recibos correspondentes ó 1º, 2º e 3º trimestre do ano 2007.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.4.-** Escrito da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, Rexistro de Entrada nº 1276, de data 12 de marzo de 2008, remitindo denuncia en materia de prevención de incendios, formulada por Dº Ramón López Castro, propietario da parcela nº 5074-polígono 504, contra Dº José Balo Otero e Dº Mª de los Ángeles Iglesias Couto, propietarios das parcelas do polígono 504 e nº 5069 e 5071 respectivamente, debido a que non se axustan ó Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección de asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoblación forestal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

1º.- Que por parte da Policía Local se realice inspección e levantamento de acta de cara á comprobación dos feitos denunciados.

2º.- Desenrolar o procedemento sinalado pola Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural.

### **3º.- CONTRATACIÓN.-**

#### **3.1.-“Relación de Postos de Traballo (RPT)”**

Dase conta do expediente de contratación para realización dunha Relación de Postos de Traballo (RPT) no Concello de Silleda, cun orzamento de licitación de vinte un mil euros (21.000,00 €)

Visto:

- o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares,

- o expediente confeccionado,
- o Certificado de existencia de crédito
- os Informes de Secretaría e Intervención, de 13 de marzo de 2008

A Xunta de Goberno Local ACORDA:

- Primero.-** Aproba-lo expediente.
- Segundo.-** Aproba-lo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexirá o contrato.
- Terceiro.-** Aproba-lo gasto correspondente por importe de 21.000,00 €.
- Cuarto.-** Dispoñe-la apertura do procedemento negociado sen publicidade, por razón da contía, conforme o artigo 141 do TRLCAP, solicitando ofertas alomenos a tres empresas capacitadas para á realización do obxecto do contrato.
- Quinto -** Cumpli-los demais trámites preceptivos de impulso ata a formalización do oportuno contrato.

### **3.2.-“Plan Director de Abastecemento e Saneamento do Concello de Silleda (Pontevedra)”**

Dase conta do expediente de contratación para realización dun “Plan Director de Abastecemento e Saneamento do Concello de Silleda (Pontevedra)”, consistente na realización dun diagnóstico dos problemas do Concello respecto do abastecemento de auga potable e saneamento e depuración de augas residuais e a previsión das actuacións que sobre estas infraestruturas sería recomendable realizar durante os vindeiros anos, cun orzamento de licitación de trinta mil euros (30.000,00 €)

Visto:

- o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares,
- o expediente confeccionado,
- o Certificado de existencia de crédito
- os Informes de Secretaría e Intervención, de 13 de marzo de 2008

A Xunta de Goberno Local ACORDA:

- Primero.-** Aproba-lo expediente.
- Segundo.-** Aproba-lo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexirá o contrato.
- Terceiro.-** Aproba-lo gasto correspondente por importe de 30.000,00 €.
- Cuarto.-** Dispoñe-la apertura do procedemento negociado sen publicidade, por razón da contía, conforme o artigo 141 do TRLCAP, solicitando ofertas alomenos a tres empresas capacitadas para á realización do obxecto do contrato.
- Quinto -** Cumpli-los demais trámites preceptivos de impulso ata a formalización do oportuno contrato.

### **4º.- SUBVENCIONS.-**

**4.1.-** Escrito do Servizo de Cooperación da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 1278, de data 12 de marzo de 2008, remitindo resolución mediante a cal se presta aprobación á certificación número Uno da obra “Abastecemento de Auga en Corrospedriños, Manduas e Cortegada”, nº 102/1113, incluída no Programa de Saneamento e Abastecemento de Augas 2006-08, anualidade 2006, así como declara o abono, a favor do Concello, de 11.949,82 □□□.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

## **5º.- URBANISMO.-**

### **5.1.- Actividades Clasificadas**

**5.1.1.-** Licencia Nº 2438/06. Visto o expediente instruído a instancia de Dª MARIA TERESA ALONSO FONTAO, solicitando Licencia de actividade para reforma de nave de gando porcino e reforma de estabulación de gando vacún de leite, para dedicala a cebadeiro de gando porcino, a situar na finca nº 226 do polígono 3 do plano de concentración parcelaria de Castro-Ponte, chamada Zarra Nova, parroquia de O Castro (Silleda).

**RESULTANDO:** Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal

**RESULTANDO:** Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 19 de febreiro de 2008, (Rexistro de Entrada nº 987, de data 26 de febreiro de 2008) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, Insalubre, Nociva, CD. 012-43, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) As fosas deberán ser estancas e cubertas, en ningún momento poderá existir vertidos directos ao medio natural. Previa á licenza de actividade aportará un certificado polo técnico responsable que acredite a estanqueidade e impermeabilidade tanto da fosa existente como da nova. A auga de abastecemento procedente do pozo, contará cun sistema de cloración permanente que garanta a potabilidade da auga de consumo, haberá de proceder á súa inscrición perante o organismo augas de Galicia. Tódalas instalacións cumprirán os requisitos establecidos no RD 1135/2002, de 31 de outubro, relativo as normas mínimas para a protección de porcos. Os residuos que se xeren en calquera actividade se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía. A utilización de esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha segundo o “RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias”, e o “RD lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de

Augas”.

RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Urbanismo, este Organismo, con data 26 de xuño de 2007 (Rexistro de Entrada nº 3104, de data 06 de xullo de 2007), concede autorización previa á concesión de licenza municipal, sinalando que, dacordo con disposto no artigo 42.1e) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, polo solicitante fírase constar no rexistro da propiedade, a vinculación da total superficie real do predio á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade que a continuación se relacionan, debendo remitir ao Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial de Pontevedra, antes do inicio das obras e implantación do uso, certificación do Rexistro da propiedade na que consten os seguintes extremos:

- titular do predio: M<sup>a</sup> TERESA ALONSO FONTAO
- superficie do predio: 17.360 m<sup>2</sup>.
- Ref. Catastral do predio: Concentración parcelaria: Finca nº 226, polígono 3 de Castroponte
- uso autorizado: Cebadeiro de gando porcino
- superficie edificable: 964 m<sup>2</sup>
- ocupación: -----
- altura máxima: 2,5 m
- distancia a linderos: 5 m

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente e Dirección Xeral de Urbanismo, non podendo comenza a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

**5.1.2.-** Examinado o expediente promovido por INGENIERÍA Y CALDERERÍA PLÁSTICA, S.A. (INCAPLAS), en virtude de instancia nº 7670 de data 04 de decembro de 2007, solicitando Licencia de actividade correspondente a acondicionamento e apertura de local para dedicalo a taller de calderería plástica, a situar según plano nº 2.1 do Plan Parcial do Polígono Industrial Área-33, situado no lugar da Mera (Silleda), Plano de Zonificación de Usos pormenorizados marxe B e según plano nº 3 da Modificación do Plan Parcial do Parque

Empresarial Área-33, con selo de Secretaría aprobado definitivamente polo Pleno en Sesión 7-marzo-2002, a parcela é a número 2 de mazá nº 10; segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Industrial Dº Juan Manuel Orza García, visado polo Colexio Oficial en data 30 de novembro de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

**RESULTANDO:** Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

**RESULTANDO:** Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 10 de marzo de 2008.

**CONSIDERANDO:** Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e a súa adecuación ao medio ambiente.

**CONSIDERANDO:** Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 7670/07 instada por INGENIERÍA Y CALDERERÍA PLÁSTICA, S.A. (INCAPLAS), para apertura de local para dedicalo a taller de calderería plástica, a situar según plano nº 2.1 do Plan Parcial do Polígono Industrial Área-33, situado no lugar da Mera (Silleda), Plano de Zonificación de Usos pormenorizados marxe B e según plano nº 3 da Modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área-33, con selo de Secretaría aprobado definitivamente polo Pleno en Sesión 7-marzo-2002, a parcela é a número 2 de mazá nº 10.

2º.- A que por parte da peticionaria deberase presentar oficio de dirección das obras, asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente.

3º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), para que emita informe previo á concesión da correspondente licencia.

**5.1.3-** Examinado o expediente promovido por Dº Venancio Rancaño Álvarez, en representación de RESTAURANTE PARRILLADA BON XATO, S.L., en virtude de instancia nº 6898 de data 23 de outubro de 2007, solicitando Licencia de actividade

correspondente a acondicionamento e apertura de local para dedicalo a restaurante, a situar na rúa Xeral, s/n (Silleda), segundo proxecto da Arquitecta Técnica D<sup>a</sup> Araceli Fernández Pena, visado polo Colexio Oficial en data 19 de outubro de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

**RESULTANDO:** Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

**RESULTANDO:** Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 10 de marzo de 2008.

**CONSIDERANDO:** Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, sua posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e sua adecuación o medio ambiente.

**CONSIDERANDO:** Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolo que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal N<sup>o</sup> 6898/07 instada por D<sup>o</sup> Venancio Rancaño Álvarez, en representación de RESTAURANTE PARRILLADA BON XATO, S.L., para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a restaurante, a situar na rúa Xeral, s/n (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), para que emita informe previo á concesión da correspondente licencia.

**5.2.-** Escrito de D<sup>o</sup> ANTONIO CIVEIRA VILAR, Rexistro de Entrada n<sup>o</sup> 1268,d e data 12 de marzo de 2008, solicitando cambio de titularidade, a seu nome, da licencia de apertura do café-bar “Alaska”, sito na rúa Xeral Franco, n<sup>o</sup> 80 de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda requerir ó peticionario para que no prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte o da recepción do deste acordo, presente escrito de conformidade do antigo e novo titular, conforme ó artigo 13 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, así como copia da licencia.

**5.3.-** En relación a solicitude de licencia municipal presentada por D<sup>a</sup> ROSA M<sup>a</sup> RODRÍGUEZ PEREIRA, Rexistro de Entrada nº 4232, de data 20 de setembro de 2007, para instalación dun silo metálico para pienso, a ubicar na finca nº 4, polígono 1, do plano de concentración parcelaria de Laro-Parada, no lugar de Galán, parroquia de Laro (Silleda).

Visto o Informe do Asesor Técnico Municipal, de data 10 de marzo de 2008, no que se sinala:

*“Vista a documentación aportada aprecianse nelas as carencias documentais que seguidamente se relacionan e que deberán ser subsanadas:*

*a) Según se deduce da documentación técnica aportada (plano de emprazamento) non se dá cumprimento ó retranqueo mínimo esixible (con respecto ó lindeiro do camiño público) de acordo co especificado no artigo 42.1.d) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e na Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002*

*b) Asemade, o silo que se pretende instalar é para dar servizo-ampliar a explotación gandeira existente, polo que lémbrese que a documentación que deberá aportarse para a continuación da tramitación do expediente é a especificada no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e na Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, e na Circular Informativa 2/2003, do 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico.*

*A documentación a aportar deberá presentarse asinada por técnico competente e VISADA polo colexio profesional correspondente.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda requerir a D<sup>a</sup> Rosa M<sup>a</sup> Rodríguez Pereira para que no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción deste acordo, presente a documentación sinalada no informe técnico, visada por técnico competente.

**5.4.-** Dase conta do informe técnico elaborado polo aparelador municipal D. José Antonio Presas Ferreiro e polo arquitecto D. José Luis Rodríguez González, de data 11 de marzo de 2.008, relativo o contido do recurso de reposición de data 1-agosto-2007 asinado por dona Xulia María Carballo Arceo contra a licencia de obra otorgada en data 20-abril-2007 pola Xunta de Goberno Local deste Concello para a construción dun edificio composto de planta soto para garaxe, planta baixa para locais comerciais, catro plantas altas para 44 vivendas e planta baixo cuberta para trasteiros-tendedeiros, na rúa Estrada da Estación, nº15 (Silleda).

Visto o disposto no citado informe, que literalmente dí o seguinte:

*“1º) En data 20-abril-2007 a Xunta de Goberno Local deste Concello acorda conceder licencia de obra condicionada á presentación de diversa documentación, ó*

*Proxecto Básico para a Construcción dun edificio composto de planta soto para garaxe, planta baixa para locais comerciais, catro plantas altas para 44 vivendas e planta baixo cuberta para trasteiros-tendedeiros, asinado polo Arquitecto don Antonio R. Albacete Giménez e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 19-marzo-2007.*

*2º) En data 1-agosto-2007 (RE nº 3.464), consta solicitude de licencia de obras para a construción dun edificio composto de planta soto para garaxe, planta baixa para locais comerciais, catro plantas altas para 44 vivendas e planta baixo cuberta para trasteiros-tendedeiros. A documentación que se aporta coa solicitude é a seguinte:*

*- 1 Proxecto de Execución asinado polo Arquitecto don Antonio R. Albacete Jiménez e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 23-xullo-2007, composto de: Memoria constructiva, Código Técnico da Edificación (CTE DB-SU, CTE DB-HE), normativa de obrigado cumprimento, plan de control de calidade, prego de condicións, orzamento e 41 planos.*

*-1 Proxecto Técnico de Infraestrutura Común de Telecomunicacións, asinado polo Enxeñeiro Técnico de Telecomunicacións don Carlos Balsa Castro e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Telecomunicacións en data 01-xuño-2007 (ref. 21420-00).*

*-1 Proxecto de Seguridade e Saude asinado polo Arquitecto don Antonio R. Albacete Jiménez e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 23-xullo-2007*

*3º) En data 1-agosto-2007 (non consta rexistro de entrada), consta recurso de reposición asinado por dona Xulia María Carballo Arceo, contra a licencia de obra otorgada e referenciada no punto 1º) deste informe sobre o Proxecto Básico.*

*4º) En relación o contido do recurso de reposición:*

*a.- Según o artigo 26.2.e do PXOM vixente, “As áreas libres deberán arbolarse e axardiñarse, alomenos nún 60% da súa superficie, non permitíndose ningunha clase de construción nó vo. Ás áreas libreas poderán destinarse nunha proporción non superior o 40% a calzada e aparcamentos de superficie”.*

*b.- Según o artigo 181.2 do PXOM vixente, “Nas zonas en que se establezan retranqueos obrigatorios non poderá ocuparse o terreo con rampas de acceso os aparcadoiros”.*

*c.- Según o artigo 200.5.6º do PXOM vixente, en relación ós garaxes-aparcadoiros, “Non poderá ocuparse o subsolo da zona correspondente á dos retranqueos obrigatorios da aliñación da vía pública.”*

*d.- Polo que se deduce que o PXOM vixente en Silleda, non permite ocupar con ningún tipo de construción (salvo os voos permitidos) a zona de retranqueo obrigatoria respecto á aliñación da vía pública e aliñacións oficiais, permitindo*

*ocupar (agás esta zona) a totalidade do subsolo das parcelas e cumprindo o artigo 26.2 do PXOM vixente en relación á previsión de áreas libres e o artigo 200.1.3 en relación ós garaxes-aparcadoiro (debendo resolverse as ramplas de acceso ós garaxes mediante espacio con piso horizontal nas zonas permitidas).*

*Polo tanto, según o PXOM de Silleda as zonas de retranqueo obrigatorio respecto ás aliñacións da vía pública e oficiais non poderán ser ocupadas con rampas de acceso a garaxes, cumprindo esta condición o proxecto o que se lle otorgou licencia de obra condicionada.*

*e- Según o Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que foi aprobado o Código Técnico de Edificación, o contido do proxecto básico será suficiente para solicitar a licencia municipal de obras, pero insuficiente para iniciar a construción das mesmas, e visto, como se reflicte anteriormente, que consta presentado o Proxecto de Execución, desenvolvendo a mesma solución de acceso á planta de garaxe, é polo que con esta mesma data procederase a informar dito Proxecto de Execución ós efectos do outorgamento da licencia municipal de obra.”*

A Xunta de goberno local, por unanimidade acorda:

**PRIMEIRO:** Desestimar, polos motivos sinalados no informe técnico elaborado polo aparellador municipal D. José Antonio Presas Ferreiro e polo arquitecto D. José Luis Rodríguez González, de data 11 de marzo de 2.008, o recurso de reposición de data 1-agosto-2007 asinado por dona Xulia María Carballo Arceo contra a licencia de obra otorgada en data 20-abril-2007 pola Xunta de Goberno Local deste Concello para a construción dun edificio composto de planta soto para garaxe, planta baixa para locais comerciais, catro plantas altas para 44 vivendas e planta baixo cuberta para trasteiros-tendedeiros, na rúa estrada da estación, nº15

**SEGUNDO:** Notificar a presente resolución ós interesados, indicándolles o réxime de recursos procedente.

## **6º.- SERVIZOS SOCIAIS.-**

**6.1.-** Escrito do Servizo de Acción Social, Promoción do Emprego e Muller, da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 1279, de data 12 de marzo de 2008, remitindo resolución pola que se aproba a inclusión no Programa de Telesistencia Domiciliaria de Dª Consuelo Casal Fernández.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo ó Departamento de Servizos Sociais.

**6.2.-** Escrito do Servizo de Acción Social, Promoción do Emprego e Muller, da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 1280, de data 12 de marzo de 2008, remitindo resolución pola que se aproba a inclusión no Programa de Telesistencia Domiciliaria de Dº Marcelino Cuiña Fernández.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo ó Departamento de Servizos Sociais.

**7º.- INTERVENCIÓN.-**

**7.1.-** Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00010-08, de data 14 de marzo de 2008, ascendendo a mesma a un importe total de 72.561,14 € (Relación en Anexo adxunto).

**ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e cuarenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,